



Para Antonio e Alia

Subiu aquel rapaz, e a súa presenza foi como unha labazada na conciencia de tódolos presentes que compartían humidade naquel bus. Todos respostaron reflexamente á súa entrada cunha apresurada indiferencia, tan calculada e tan barrocamente elaborada que evidenciaba exactamente todo o contrario: o rapaz era o centro de atención de tódolos presentes. O ser humano pode ollar algo de fite en fite sen sequera velo, pero se olla para algo de esguello, con disimulo, furtivamente, ¡ai!, é que ese algo é o centro absoluto do seu universo, polo menos ese intre, porque a atención sen memoria é tan inútil coma unha cámara sen película. Volvamos ó mozo.

Deixoulle as moedas da viaxe ó conductor, moitas e moi pequenas, levoulle un anaco reunilas dos seus petos e contalas ata reuni-lo importe da viaxe. Pasou e sentou nun dos asentos dianteiros, eses que fan dúas ringleiras de tres asentos enfrontadas a cada lado, paralelas á marcha do vehículo. Os outros dous

asentos desa ringleira estaban ocupados por unha nai e o seu fillo, duns corenta anos ela e duns seis o neno.

Era un mozo escuro de pel, posiblemente xitano ou se cadra mouro, indio ou calquera desas razas que suxiren calor, sol, pobreza e emigración. As súas pálpebras eran aínda máis escuras ca súa pel, case negras, tamén negros os seus ollos, o pelo crecho e enguedellado, un bigotiño enmarcando o seu carnoso beizo superior que nunca coñecera un rasurado. Contaba cuns quince anos, máis ou menos. Vestía roupas suxas e molladas e deportivas nos seus pés, unha delas debía de ter a sola despegada porque un anaco dunha bolsa de plástico cinguía o pé envolvéndoo con dúas voltas para que esta non caese.

E o máis importante para pescudar na realidade do rapaz: portaba un acordeón, seguramente o seu medio de sustento. Indagando máis supoño que viña de tocar no centro da cidade, na rúa, malia a choiva. Agora remataba a súa xornada laboral e voltaba para casa. Iso explicaba o seu desleixado e arquetípico aspecto, unhas vestimentas pobres inspiran mágoa e axudan ó negocio. Mais non sexamos tan estúpidos para culpalo: era evidente que aquel rapaz non vivía na abundancia nin a nada que se lle parecese. Por iso se sentían molestos tódolos pasaxeiros do bus: era pobre, moi novo e nin sequera se lle podía acusar de preguiceiro. Polo menos ós ollos dos que pertencen á clase que adoitan chamar media, coma eran tódolos pasaxeiros do bus. Porque non coñezo eu ningún rico que colla o bus.

A liña 22 era un escangallado bus que unía o centro da cidade co seu extrarradio. Víanse os últimos barrios, conglomerados de altos e horrendos edificios, separados uns de outros por espacios mortos sen sentido. Logo, algún centro comercial, naves industriais, concesionarios de automóviles, naves industriais, hospitais.

O meniño está sentado a carón do recién chegado, e é o único que o mira sen reservas, abraiado. A súa nai observa o feito, incómoda, e fai que mira para outro lado. Pero o que chama a atención do cativo non é o mendicante en si, senón o grande instrumento vermello brillante que leva. A impaciencia vence as súas reservas e pregunta:

– ¿Que é iso?

– Un acordeón –contestoulle o esmoleiro, sorrindo.

– Un *acodeón* ...

– Un acordeón. Apértoo e estíroo e fago música.

– ¿Es músico, coma os da tele?

– Son –Ó mozo divertíalle a conversa. Todos miraban, sobre todo a nai do pícaro.

– O meu amigo Brais ten unha guitarra. Unha guitarra pequena.

– Pois podíamos facer unha orquestra.

– Naaaa. Non sabe tocala.

A nai incorporouse e colleu ó neno da man.

– Vamos, Xabier. Vamos para atrás para poderes mirar pola xanela.

E levou o fillo apresurada cara a un dos asentos de atrás. O neno mirou para o seu amigo o acordeonista con aceno de incompreensión. Despediuse del coa man que lle restaba libre. O acordeonista tamén moveu a man, pero o xesto da súa faciana transmitía tristura.

E foron as derradeiras verbas que se pronunciaron naquel bus. Os pasaxeiros ían silandeiros, cada un abstraído nas súas cousas. Os que ían entrando nas paradas escollían sempre que era posible un asento sen ninguén a carón, procurando a soidade. Algúns mesmo preferían quedar de pé termando da barra antes que comparti-lo seu espacio vital sentando a carón dun estraño.

Subía e baixaba pouca xente. O chofer pasaba moitas paradas de longo, cando ninguén de dentro lle solicitaba a parada e ninguén agardaba fóra para montar. E eu esculcaba nas mentes de tódolos presentes, cismando no que estarían pensando nese intre.

Teño unha idea: fagamos un teatriño, un teatro de monólogos mentais. Cada pasaxeiro do bus será un personaxe, veremos que pensa cada un deles. Falarán en voz alta, vostedes e máis eu oíremolos, mais eles non se oirán entre eles. Ábrese o telón.

* * *

(En fronte do rapaz do acordeón está sentada unha vella de cabelo branco moi ralo, vestido e chaqueta de punto negros e un ramallo de caraveis no colo. Non é difícil adiviña-lo seu destino: o cemiterio. Debía de ter soterrado o marido alí, para el eran as flores. Ía tódalas semanas.)

VELLIÑA – Cando me tocará a min, meu Deus. Tanto levar flores ós mortos, cando mas levarán a min. Son unha morta en vida, a ninguén lle importo. Que malo é estar soa. Bon Deus, lévame con el. Fágase a túa vontade e non a miña. Estamos a tres paradas. Que feo é todo. Edificios, fábricas. Cando eu vivía neste lugar, que distinto era. Había monte, árbores, árbores de verdade, castiñeiros, salgueiros, ameñeiros, non eucaliptos. Había casas con cheminea e lareira,

xente traballando as leiras. Onde foi todo. Meu tempo está morto, meu Avelino tamén. Qué fago eu aquí, meu Deus Pai ... Estes caraveis non están moi ben, non volverei a esa floristería. Teño frío. Frío.

(Ó seu carón hai un señor duns sesenta anos, cun grande bandullo. Mira para o rapaz do acordeón.)

SEÑOR GORDO – E onde irá este rapaz. De seguro que ás chabolas que hai preto do hipermercado. Non debían deixar entrar ós piollosos así. Claro que a culpa non é súa, éche dos pais. Déixanos tirados por aí, nin de comer lles dan, seguro que andan no da droga, quen sabe se este rapaz anda tamén. Unha vergonza. Está suxo. Virá de roubar. Se lles deixas, ata meten a cabra no bus, esa cabra que fan subir a unha escaleira. Animalíño. Cabras as que tiña eu no monte. ¿Para que vin eu á cidade? ¿Para que?

(Nos asentos de atrás, case atrás de todo, sentan Xavier e maila nai. Os dous van calados, o neno xoga co cordón da súa cazadora, enredándoo nos seus dedeiros.)

NAI DE XAVIER – ¿Por que me sinto tan mal? Non sei por qué me puxen tan nerviosa. Saquei o neno dalí como se aquel xitaniño, ou o que sexa, o fose comer ou contaxiarlle algo por falar con el. ¿Cando me volví así? ¿Cando perdín as ideas, a tolerancia da miña mocidade? ¿Cando perdín a miña mocidade? Tanto dar voltas, debina deixar nalgunha esquina. Non me queda nadiña de nada. Soa. ¿Que fixen na miña vida? ¿E que fixen coa miña vida? Estou a matinar en parvadas. Que fixen. Seguro que agora todos me miran raro, coma unha tola. Como esplicarlles o que sinto unha nai, como protexería o meu fillo contra todos e contra todo, contra mesmo os muíños de vento. Como esplicarlles que non é esaxeración proteccionista ou como lle chamen, que

é algo que sae de dentro, que non te deixa ateigar, que non te deixa durmir pensando se estará ben o teu neno, se lle doerá ese dente de leite, se non lle pegará na escola algún neno abusón, se se botará a un coche cando ti non mires. Soa. (*Olla para o neno. O neno mira pola xanela*) Mira para el. Mentín. Non estou soa. Non o perdín todo. Téño a el. Como algo tan pequeno e fráxil pode ser todo, todo o meu universo enteiro. Meu meniño ...

XAVIER – ¿Que faría mal? Mamá está anoxada. ¿Por que? Non debía falar co neno grande do *acodeón*. Seguro que xa me dixera que non falase con xente así e eu esquecino. Non lle faría caso. Non volverei falar con el. Nin con ninguén que leve *acodeón*, nin con ninguén de pel escura e roupa suxa. Así terei contenta a mamá. ¿Xa non me quererá a mamá?

SEÑOR GORDO – Pintiña. Lembro a Pintiña. Era a miña preferida. Era a máis boíña, cando a muxía nin se movía. Deixábase acariñar. Meus pais vendérana. Eran tempos fodidos, fixerán ben. Eu xa era un mozo. Pero moito chorara eu pola Pintiña ...

VELLIÑA – Dentro de dúas paradas baixo eu. A vida debería ser así, deberíase saber en que parada podes baixar. Meu Avelino sinalaría a súa parada co timbre, baixaría do bus e eu baixaría con el, collidos da man. Agora non sei onde me leva o bus, tiña que ter baixado antes. Ben, si que o sei. Ó cemiterio. Quedan dúas paradas.

(*O bus para. Sube un mozo de traxe, con faciana cansa*)

MOZO CANSO DE TRAXE – Estou derreado. Cagondiós, se a oficina pecha as oito non sei por qué eu teño que saír ás nove e pico. Estou mallado. Teño unha fame que morro. Haberá algo conxelado na casa para non ter que cociñar, croquetas

ou algo así. Conxelado, coma o meu salario. Coma min. Puta garavata, como aperta. Carallo, o que sube por aí.

MOZO DO ACORDEÓN – Estou derreado. Cagondiós, non sei porque teño que estar baixo a choiva ata as nove se por esa rúa non pasa nindiós cando chove. En fin, se volto antes ou o vello me ve por aí sen pedir coma daquela vez levo outra malleira. Prefiro mollarme. E agora darlle a el tódolos cartiños que me deron. Para que o gaste en botellas. Fillo de puta. E miña nai doente, cada día tusindo máis e máis. E el non merca medicinas, só botellas. E logo báteme se me ve cos porros ou co pegamento. Será para non pensar nel. Boh, báteme igual. Voume meter eu tamén no do alcohol e pasar de todo, ou pillarlle a chuta ó meu irmán, iso parece fácil. Só preocuparse dunha cousa, e non de tantas: o vello, o irmán, a nai... Ou deses que me perseguían hoxe, queríanme bater, se fose un cosíao a navallazos, pero eran cinco, corrín, menos mal que me metín no bus. ¿Que lles fixen eu a eses? ¿Por que me querían facer mal? ¿Que lle fixen eu a ese neno para que a nai mo sacase de diante como se eu fose un apestado ? ¿Que lle fixen eu ó meu pai, a todo este puto mundo, por nacer? Pois quítome do medio e xa está. Ata os collóns. E a puta quiniela que non toca para saír disto. Carallo, o que sube por aí.

(Sube unha moza fermosa, moi atractiva, con lentes de sol. Senta.)

MOZO DO ACORDEÓN – Que boa está. Que limpa. Cando poderei ter unha coma esa.

MOZA – ¿E vos que mirades? O do acordeón olla para min de esguello, será tímido. Pero o outro do traxe non se corta un pelo. Que agradable cando te miran con educación, coma ese piollosa, quen o diría, e que desagradable cando te

miran como un famento mira o escaparate dunha pastelería. Iso é o que son, un apetitoso pastel. Sempre dando a millor imaxe, querendo se-la máis guapa, o adubio de luxo. Como os ovos eses de Pascua que están pintados por fóra e son tan bonitos, pero que por dentro están baleiros, non teñen nin xema nin clara nin nada porque os baleiraron. Estou baleira. El baleiroume. Deixoume. A min. Quitoume todo: o orgullo (supliquei, chorei, monteille unha escena), a ledicia, a vida. Era a miña vida. E morrín.

Que poucas gañas de vivir. Pero por dentro que gañas deirme con calquera, dar-me a el, convertirme nunha quiniela premiada para calquera. Para o menos pensado. Non ese do traxe. Aquel. O moreno. Parece pobre de veras. Xitano. Suxo. Noviño de máis. Todo o contrario do que me follei ata agora. Por iso me apetece. Todo se opón, por iso o quero. Síntome utilizada por todos, quero que me utilice el. Isto pénsou pero non me atrevo. Ou si.

(Saca os lentes de sol e sorrí cara o rapaz do acordeón.)

MOZO DO ACORDEÓN – ¿Sorriume a min? Non pode ser. *(Mira para atrás)* Aquí non hai ninguén. Debe ser por min. Non, imposible. *(El mira para o chan. Ela non deixa de miralo.)* A ver outra vez... *(El ergue a vista, bótalle unha ollada rápida á moza e volve abaixa-la testa.)* Hostias, segue a mirar. Si, olla para min. ¿Que fago? Que corte.

MOZA – Levaba razón, é moi tímido. Pobriño, que vida máis puta debeu levar. Dan-me gañas de levalo á miña casa, lavallo, apertalo contra min entre as miñas sabas, seguro que nunca estivo con ningunha muller. E logo igual me levanto e non está nin el nin o vídeo nin o televisor. Por que sempre penso mal dos demais se á final todos me dan polo cu igual. Por que. Ademais, a tele e o vídeo son do outro, mala

chispa o coma. Xa dixo que os viría buscar. O piso terei que deixalo, porque dubido que el me siga pagando o aluguer, e eu non podoo permitirmo. Buscarei outro piso máis pequeno. O caso é que este rapaz tenche os ollos bonitos. Bah, tolería. Só estás xogando con el, Silvia. Só queres vingarte de Manuel, só queres luxar a súa posesión máis preciada (iso eras ti), pero non, Silvia, non, xa non é-la súa posesión preciada, lúxate o que queiras, a el non lle importa, é-lo seu xoguete roto, que tirou a un lado. Por que iría namorarme del. E non dese rapaz, por exemplo. Seguro que me trataba millor. Seguro que non está casado, ha ha ha. É inxusto pretender que liarse con ese esmolante sexa luxarse. Luxaríase el, cunha puta. Puta cara, pero puta, puta, puta, puta.

(O bus fai outra parada. Non sobe nin baixa ninguén.)

VELLIÑA – Queda unha parada.

MOZO DO ACORDEÓN – Segue mirando. Seguro que lle parece a hostia de divertido. Xogar cun pobre, que gracia. Ódioa. Pero tráeme, ponme. É tan distinta ás que tratei... Está boísima. Millor dito, é fermosa. Parece triste. Será o que a fai fermosa, a tristura, digo. Gustaríame... ben se sabe o que me gustaría, pero tamén me gustaría facela rir, aledala. Tocaría para ela. Son bo, non un aporreador de acordeóns coma o que está na outra rúa. Tocaría toda a noite, e vería que non son malo. Pero non quere rir, non quere ver como son, só quere xogar. É cruel. Antes sorría, estaría a rir de min. Agora está seria, e segue mirando, hostia, eu tamén estou a mirar para ela, que pao (*abaixa a testa*). Agora si que estaba triste e fermosa.

MOZO CANSO DE TRAXE – Parece que está mirando para o pioloso do acordeón. Non pode ser. Nunca pensei que me

fixese caso, pero que llo faga a el e non a min... Será que non son rico dabondo, nin pobre dabondo. Son un mediocre cun traballo mediocre e unha moza mediocre. Elisa. Se non quero estar con ela, ¿por que non a deixo? Xa o sei de sobra. Porque quedaría só, non tería ninguén para contarlle os meus estúpidos rollos mediocres. Serán cousas miñas, ¿por que ía estar mirando unha tía así para un ghicho coma ese? Por que non podo deixar de mirar para outras mulleres. Gústanme todas, menos a que teño. Pero Elisa é guapa, boa tía, o único que lle falta é bo gusto para os homes, he he. ¿Que máis podo pedir? E eu veña a enganala en canto podo. ¿Por que serei así? Teño unha picha por cerebro. Teño que deixala. Quizais non o faga porque me dá mágoa, ela sen min non é nada, está tola por min, suicidárase ou algo así, é coma unha lousa nas miñas costas. Non é xusto.

(Hai un home calvo e fraco detrás da moza. Mira para o rapaz de traxe. A nai de Xavier mira para el, con faciana arrepiada.)

HOME FRACO – Por que o odio tanto. Por que este odio que esperata así, nun intre calquera e non pode parar. Por que odio ese rapaz do traxe que nin sequera coñezo e non outro. Por que vou baixar detrás del, seguilo e acoitelalo polas costas. Porque é o que vou facer, que mo din estas voces, esas que cando lle falo delas ó psicólogo el asinte coa testa e di “Xa. Entendo”. E logo esa covardía, ese quefixendiosmioquefixen, ese agacha-las probas coma as outras tres veces. Nunha aquela muller salvárase, outra matei aquel home, logo a cárcere; na terceira seguro que morreu, pero aínda non me pillaron. Estaranme buscando, cando me pillen me meterán no caldeiro e a saber se podo volver foder a outro coma aqueles tres. Deus, ódoo tanto que me doe. Hoxe ou

nunca. Este non se libra. E eu tampouco, estou farto de fuxir. Cando remate con el (ódioo ódioo deussss) espétome o coitelo no corazón. E te-la paz. Por fin. Paz.

NAI DE XAVIER – Deus santo, é el. El. O que me acoitelou. Aínda respiro mal a causa daquilo, pero o peor son os pesadelos, acordo berrando e esperto a Xavier. Non pode ser. Si, é el, está na rúa. (*Ela torce a testa.*) Non podo crelo. Meu Deus, que non me vexa, que non vexa o meu anxiño. Seica non me veu, miraba... ceo santo, miraba para ese rapaz. Ese ollar cargado de odio, o mesmo co que me miraba a min daquela. Quere repetilo. Deus. Asasino. Se digo algo é quen de matarme a min, que sería do meu anxiño sen min. Deus, lévame a min, non a el. (*Colle ó cativo no colo, silenciosa, abrázase a el tapándoo, protexéndoo.*) Deus, Deus, outra vez non. Meu anxiño non.

XAVIER – Mamá cólleme no colo. Xa me volve querer, xa non está anoxada. Non me vai castigar. Xa me quere. Eu tamén a quero taanto...

MOZA – (*Érguese*) Baixo. E voulle preguntar se ven comigo. (*Vai onde o xitaniño.*)

HOME GORDO – Pintiña ...

MOZO CANSO DE TRAXE – Aquí é. Aínda resta andar un anaco ata casa.

HOME FRACO – Matareite, fillo de puta. A túa vida rematará en pouco. Que poder sinto, son coma Deus. Son Todopoderoso. Falaráse de min. De Deus. (*Traba a súa lingua para sentir a dor como se fose a súa droga. Faise sangue e o zuga para dentro como se fose o seu alimento. O seu sabor salgado asolaga o seu sentido*)

VELLIÑA – Xa se ve o cemiterio. Alí vou eu, paseniño. Algún día darei chegado. Pero hoxe só vou de visita. Esta é a miña parada.

(A vella preme o timbre. É a súa parada. Érguense ela, o rapaz da garavata e tamén, detrás del, o home fraco e calvo, coa faciana deloirdada e os ollos inxectados en odio)

Non sei se se decataron vostedes de que falaron todos agás o chofer do autobús. Era para non estraga-lo final da obra. Pois era eu quen levaba o bus. Nesa parada freei en seco, a vella case cae, eu non abrín as portas, puxen punto morto e o freo de man, erguínme e dei a volta. Oíase só o runrun do motor, tremía o bus e tremían todos. Alí estaban. Sorrínlles amosando os meus cairos. A paisaxe que arrodeaba o bus mudara. Só se vía un lume baixo arrodeando o vehículo ata a final do horizonte, un inmenso mar deserto de lume, con cacharelas coma ondas de maruxía que batían contra o autobús. O ceo e as nubes tinguíronse de púrpura. Todos estaban arrepiados, mudos. E eu falei.

AQUEL Ó QUE NINGUÉN OUSA DAR NOME – Fin do traxecto, derradeira parada. Algúns moito a agardastes. Chegamos.

(O xitaniño desabrochou as correas do seu acordeón, púxose de pé diante da moza e tocou, tocou unha vella e tristeira melodía de amor. Xavier batía palmadas desde o seu asento. Ela abrazouno polo pescozo con coidado de deixarlle tocar e bicouille na fazula, chorando pero sorrindo. El tamén sorriu pero non parou de tocar ata a fin.

O autobús afundiuse pouco a pouco naquel mar de lume. Pechouse o telón).